

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE OUTUBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 43 DA SESIÓN DE 17 DE OUTUBRO DE 2017.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 43/2017 do día 17 de outubro de 2017.

2.- EXPEDIENTE 4780/2017. SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 15/2016.

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía con carácter PROVISIONAL ata o 02/11/2018.

3.- EXPEDIENTE 4775/2017. SOLICITUDE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 23/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 23/2017, con carácter provisional ata o 22/09/2019.

4.- EXPEDIENTE 4745/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a baixa definitiva no : Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria.

5.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4037/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder LICENZA DE OBRA para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ribeira núm.13, parroquia de Botos – Lalín.

6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3257/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca sita na Avda. Buenos Aires, 58 e Rúa Fonte Sanguíña-Lalín.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4737/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A

COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para arranxar a terraza dun edificio existente na rúa Penatoares núm. 8, 1ºA-Lalín.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2735/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para realización dunha rede e acometida na rúa Observatorio-Lalín.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2197/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma nun piso na rúa Matemático Rodríguez núm.18, 2ºC-Lalín.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2914/2017. ACUERDO PARA EL CUMPLIMIENTO DE SENTENCIA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA AX 15/2016.

Acordouse Recoñecer a correspondente obriga, e ordenar o ingreso do importe de 52,50 € na conta de consignacións do Xulgado sentenciador expediente xudicial de referencia nº 3598 0000 94 0354 16.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4476/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse Informar que procede estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín, e recoñecer o dereito a ser indemnizado na cantidade reclamada, que ascende a 91,96 € (IVE incluído).

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4704/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2017.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3226/2017. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (ASESORIA XURIDICA SS.SS.).

Acordouse aprobar a resolución definitiva da concesión de bonificacións do programa de transporte de estudantes durante o curso académico 2017–2018.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 4822/2017. XUSTIFICACION CONVENIO GES -PREVENCION 2017.

Acordouse Aprobar a conta xustificativa de gastos en materia de prevención de incendios forestais nas entornas poboacionais para o ano 2017.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4275/2017. PROPOSTA DE GASTO.

Acordouse Autorizar e comprometer un gasto por importe de 13.043,80 euros para a redacción do proxecto e a posterior dirección facultativa de obra denominada “Urbanización e axardinamento da Praza de Galicia. Fase III”.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4441/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade e derivados de atención sociosanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde para a persoa solicitante.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4311/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse A ALTA URXENTE no: Servizo de axuda no fogar modalidade libre concorrencia, para unha persoa beneficiaria.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4591/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

18.1.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN SETEMBRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

18.2.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN SETEMBRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1419/2017. BASES CONCESION BOLSAS. CURSO 2017 2018 .

Acordouse aprobar as bolsas para o curso 2017-2018.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4633/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION).

Acordouse recoñecer a obriga de pagamento da cantidade de 8.017,60 € polo servizo de Recollida de Animais Abandonados, do ano 2017.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4725/2017. APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN 2017.

Acordouse Aprobar as bases e convocar, para o ano 2017, o PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4788/2017. PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Acordouse Aprobar a solicitude de subvención para a prórroga da contratación da AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL).

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.

